

AVISO FITOSANITARIO *Gonipterus platensis* (Gurgullo do Eucalipto)

Gonipterus platensis é un coleóptero curculiónido defoliador de distintas especies de eucalipto, as máis afectadas son *E. globulus*, aínda que tamén afecta a *E. nitens*, *E. camaldulensis* e outras.

Normalmente completa dúas xeracións ó ano.

Este gurgullo aliméntase das follas de eucalipto durante as distintas etapas do seu desenvolvemento. As larvas nas fases L1 e L2 aliméntanse da epiderme das follas, e nos estadios L3 e L4 como tamén na fase adulta aliméntanse de toda a folla. Os adultos consumen a folla polos bordes producindo o típico festoneado das follas, e as larvas realizan galerías dentro da folla.

Os danos prodúcense principalmente no terzo superior da árbore, e son máis habituais na primavera e en outono.

Actualmente o método de control máis eficaz contra esta praga baséase na loita biolóxica. Os anos anteriores realizouse a difusión controlada de *Anaphes nitens* Huber, que é o parasitoide específico dos ovos do gurgullo. As soltas foron realizadas na época do ano de maior densidade de ootecas, a primavera e en outono, en menor número.

Este parasitoide actúa poñendo os seus ovos no interior das postas do gurgullo que se desenrolan a expensas dos ovos do defoliador, e da lugar á emerxencia dun novo individuo de *Anaphes nitens*. A súa eficacia como método de control, derívase da adaptación que ten ás condicións climáticas diversas.

Tras os inventarios realizados pola Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, na rede de parcelas de avisos fitosanitarios, ó longo do mes de outubro, nos que se persigue coñecer a evolución da distribución xeográfica, dinámicas das poboacións e variacións do ciclo biolóxico anual, estase detectando as primeiras postas no Norte de Lugo, no Norte da provincia de A Coruña.

A detección faise a través das postas frescas do defoliador, e neste momento é cando se poden empezar a colocar as bolsas do parasito controlador de *Gonipterus platensis*. Esta primeira colocación do ano dura aproximadamente ata o mes de novembro, e sempre que existan postas do gurgullo.

Nestas primeiras deteccións, as postas non son moi numerosas, o silvicultor pode empezar a facer un control nos seus montes e estar preparado para as soltas de *Anaphes nitens* nas próximas semanas.